



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Debido ao gran potencial que ofrece para desenvolver oportunidades de negocio e obter financiamento para iniciativas no ámbito das TIC, a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) está a organizar para o vindeiro **28 de xaneiro** unha xornada de formación no uso da plataforma **FIWARE**, necesaria para acceder ás convocatorias do programa europeo **Future Internet Public-Private Partnership (FI-PPP)**.

FIWARE é unha plataforma software definida pola Comisión Europea para o desenvolvemento de aplicacións ou servizos que permitan acelerar a creación de negocios. Para promover o seu uso, a Comisión Europea lanzará ao longo do ano 2015 unha serie de convocatorias que darán acceso a un financiamento de entre 50 mil e 150 mil euros por proxecto así como a un proceso de aceleración do proxecto.

A xornada vai dirixida a [desenvolvedores de software](#) ou parte do staff de PEMEs que queiran concorrer ás convocatorias do programa FI-PPP.

A xornada facilitará aos asistentes formación sobre a arquitectura e solucións xenéricas de FIWARE; preparará aos participantes para desenvolver as súas primeiras aplicacións en FIWARE e dará a coñecer de primeira man experiencias de emprendedores que xa deron o paso de usar FIWARE.

O curso desenvolveráse no [Centro de Novas Tecnoloxías en Conxo](#) (Santiago de Compostela) de **9 a 19 horas**. Se estás interesado en dar un pulo definitivo ao teu proxecto, en termos de aceleración e financiamento, apúntate á xornada [nesta ligazón](#).

Por último, gustaríanos lembrarche que o pasado martes, 13 de xaneiro, publicouse no DOG a convocatoria de **axudas para a realización de estadias durante 2015 de investigadores e técnicos contratados por centros tecnolóxicos e organismos públicos de investigación** con centros radicados en Galicia non dependentes do sistema universitario. Se estás interesado en consultar as bases, podes facelo na seguinte **ligazón**.

Sen máis, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.